# Camiño da ribeira: do río Anllóns ao mar de Corme

## Ruta ambiental de sendeirismo de Ponteceso a Corme

Concello de Ponteceso

## Características técnicas da ruta

**Punto de inicio**: Ponteceso (43° 14' 32,77"N , 8° 54' 4,37"W)
**Punto final**: Corme (43° 15' 52,28" N, 8° 57' 41,04"W)
**Puntos de interese**:
Praia de Balarés (43° 14' 35,45"N, 8° 56' 36,52"W),
Pedra da Serpe (43° 15' 52,47"N, 8° 56' 32,75"W)
Praia da Ermida (43° 15' 50,8"N, 8° 57' 0,51"W)
**Tipo**: lineal con variantes - A pé /bicicleta BTT
**Distancia**:
Ponteceso - Corme (pola praia de Balarés e o monte da Facha): 11,3 km
Corme - Ponteceso (polo monte dos Loureiros e o Alto das Travesas): 9,2 km
**Duración estimada**:
Ponteceso - Corme (pola praia de Balarés e o monte da Facha): 3,5 h.
Corme - Ponteceso (polo monte dos Loureiros e o Alto das Travesas): 2,5 h.

**Desnivel acumulado de subida**: 566 m. **Desnivel acumulado de baixada**: 565 m.
**Dificultade**: media- baixa
**Accesibilidade**: non é accesible a persoas con mobilidade reducida
**Valoración M.I.D.E**:

| | | |
|---|---|---|
| Medio: | 1, (2) 3, 4, 5 |
| Itinerario: | 1, 2, (3) 4, 5 |
| Desprazamento: | 1, 2, (3) 4, 5 |
| Esforzo: | 1, 2, 3, (4) 5 |

**Teléfonos de interese**:
Emerxencias: 112
Incendios: 085
Policía local: 630907127
Garda Civil: 062
Concello de Ponteceso: 981714000
Web: http://www.ponteceso.net
Correo-e: turismoponteceso@ponteceso.net




## Consellos para conservar a natureza

Evitar recoller ou cortar plantas ou danar animais, pois poden ser especies ameazadas

Non introducir especies exóticas, pois causan danos no medio difíciles de recuperar

Recoller o lixo e depositalo nos colectores axeitados

Non molestar nin causar inconvenientes nas explotacións agrícolas e gandeiras

Evitar facer ruído, pois así todos os visitantes poden gozar do contacto coa natureza

Non facer lume fóra dos lugares e épocas establecidos pois pódese provocar un incendio

XUNTA DE GALICIA — DEPORTE GALEGO

Esta ruta comunica Ponteceso con Corme por camiños que discorren pola ribeira e pola beiramar, a través dos que podemos descubrir interesantes mostras do patrimonio natural e cultural de Ponteceso e da Costa da Morte, como a **enseada da Insua** e a **Pedra da Serpe**.

Comeza a ruta en Ponteceso, fronte á casa natal do poeta Eduardo Pondal, autor do poema Os pinos, letra do himno galego.



Desde a ponte de Ponteceso, a ruta continúa seguindo as augas do río Anllóns, polo paseo fluvial e o **"malecón" do Couto** (dique de terra) ata a **enseada da Insua**, un espazo natural de alto valor ecolóxico, que forma parte da Zona de Especial Protección para as Aves da **Costa da Morte Norte**



e da Rede Natura 2000, onde encontran refuxio e alimento numerosas aves acuáticas, especialmente limícolas: **gabitas**, **pilros**, e varios **mazaricos** destacan polas súas poboacións de invernada. Na época de cría, é de salientar a **píllara das dunas** nos areais, a **garza pequena** nas marismas, ou o **escribente das canaveiras iberoccidental**, endemismo ibérico considerado en perigo e que vive nas carriceiras. Tamén destaca a *Omphalodes littoralis*, unha planta que se encontra en perigo de extinción, pois está moi ameazada pola destrución do seu hábitat.

Continúa o percorrido bordeando a enseada da Insua polas abas do **monte Branco,** desde onde hai unhas impresionantes vistas sobre as dunas da **enseada da Insua**, que protexen o esteiro dos embates do océano Atlántico, que aquí se abre na ría de Corme e Laxe.



O camiño segue pola beiramar ata a **praia de Balarés** e o seu antigo porto - especialmente activo na febre do wolframio en Galicia-, onde poderemos descansar baixo o piñeiral da súa área recreativa. Desde aquí a ruta discorre polos cantís do **monte da Facha**, pasa por **Gondomil**, que aínda conserva algunhas mostras de arquitectura tradicional, e chega ata a **Pedra da Serpe**, curioso símbolo pagán cunha inscultura dunha serpe alada.



A ruta continúa cara á **praia da Ermida**, protexida pola **illa da Estrela** e, dende aquí, segue cara a **Corme**, a onde chegaremos despois de pasar a carón das praias do **Osmo** e da **Arnela**.





Desde Corme pódese regresar a Ponteceso polo **monte dos Loureiros** e polo **Alto das Travesas** ou ben pódese facer unha ruta alternativa de arredor de 3,5 km ata chegar á **punta do Roncudo** por un paseo que, bordeando a costa, amosa un dos tramos máis fermosos e agrestes do litoral da Costa da Morte. A **punta do Roncudo** é recoñecida pola gran calidade dos seus percebes. Neste tramo, ás veces, pódense ver algúns cetáceos como o **arroaz**, o **golfiño común** ou o **caldeirón común**.





N
S
E
W
Punta do Roncudo
Faro do Roncudo
Monte Carboneiro
Punta da Seixuda
Mar da Eiruga
Baixo A Barrosa
Punta Carreiros
O Aguillón
ZEPA
Costa da Morte Norte
A Insua
Pozo do Aguillón
Punta das Gralleiras
Punta do Aguillón
Baixo Pedra O Serrón
Punta de Chans
Os Coídos
LIC Costa da Morte
A Atalaia
Corme-Porto
Praia da Arnela
Praia do Osmo
Praia da Ermida
As Forcadas
O Cairo
O Perillán
Río de Arriba
Río de Corme
O Cabreiro
As Areas
A Aldea
A Costa
A Escobia
Guxín
A Chamiceira
Su Raposo
Monte da Carballa
Froxán
Pedra da Serpe
Gondomil
Río Gunxín
San Adrián Vello
A Cubela
LIC Costa da Morte
Os Outeiros
Illa da Estrela
Prados da Sapeira
A España
Campo da Coveza
Canto Branco
As Salgueiras
Monte Calvelo
Ponte dos Ríos
Os Paraños
Brantuas de Abaixo
Mato Bravo
Monte da Serra
Alto da Costa de Carballido
A Palla
As Lombas
A Pedrosa
Os Muíños
Carballido
Cerezo de Arriba
A Brixería
Agra do Couto
Fervenza do Brixería
Baixos Cabezo de Fora
Baixos Cabezo do Medio
Baixo da Avería
Punta dos Prados
Praia de Río Covo
Punta Verdillo
Monte do Canteiro
Os Loureiros
Punta do Canteiro
Petón dos Loureiros
Os Capelos
A Bartola
O Couto
O Briallo
Fervenza e Pozo da señora
Curràs
As Fontaíñas
A Xunqueira
As Bouzas
Monte da Facha
LIC Costa da Morte
Balarés
Coído da Facha
A Vituteira
Ponteceso
Malecón do Couto
Casa de E. Pondal
Alto das Travesas
Punta da Facha
Praia de Balarés
Pozo dos Caldeiros
Petón da Farola
Monte do Cal Vaqueiro
Furna do Encanto
ZEPA Costa da Morte Norte
ZEPA Costa da Morte Norte
Monte Branco
Punta do Monte Branco
Ponteceso de Cabana
Panel con mapa e información
Faro
Espazo natural protexido
Área recreativa
Cruceiro
Vista panorámica
OCÉANO ATLÁNTICO
Ría de Corme e Laxe
Deseño e realización: cem. s.coop.galega www.cem-educacionambiental.es
Illa Sinas
Illa Morosa
Faro de Laxe
Punta da Insua
Punta do Costado
Monte da Insua
Punta Besugueira
Punta do Cabalo
Punta Rubia
Illa do Castelo
Cormellana
Praia de Rebordelo
Praia de S. Pedro
Monte de Taboído
Praia das Vacas
Praia das Maceiras
Punta de Padrón
Illa Tiñosa
LIC Costa da Morte
Illa dos Cagallóns
Punta do Curro
Praia da Barra ou do Medio
A Barra
ZEPA
Costa da Morte Norte
O Picón
Xuncal de Anllóns
Río Anllóns
A Áspera
O Valado
Neaño
As Cancelíñas
As Redondas
O Bronllo
A Forca do Lobo
A Meixoada
Enseada da Insua
Cuncharedo
As Rebuiras
O Penedo
O Bosque
As Salgueiras
O Pendón
LIC Río Anllóns
Laxe
Enseada de Laxe
O Cabo de Area
Frexufre
San Pedro
Monelos
A Cruz do Cabalo
Taboído
Punta da Area
Canduas
A Costa
A Telleira
Os Pazos
A Carballa
As Revoltas
1
0,5
0
1
2
3
Km.